

O Instituto de Estudos Chairegos

Rafael YÁÑEZ

ryañezja@pas.ucm.es

Acubíllase o Nadal na Terra Chá, neste inverno cheo de caprichos neveiros, de crise acelerada e de gran convulsión nas cores da nova política internacional, cando volvo ter, puntualmente novas dun proxecto chairego que ano a ano non deixa de me sorprender.

Gostan de dicir que o Instituto de Estudios Chairegos, “xermola nun parladoiro entre amigas e amigos, en pleno corazón da Chaira, no lusco e fusco do verán do ano 2000”. Logo dunha lectura das súas publicacións eu, adolecido de poesía, gosto de falar do IESCHA dende parte do seu propio traballo:

Agora que xa nos coñecemos
que todos fomos formalmente
presentados como individuos
fágamos un exercicio racional¹...

E tanto exercicio ás veces racional, ás veces paixoal non sempre deixa apreciar o rigor, a elegancia e o respecto co que se traballa no IESCHA xa dende a Xunta Xestora que se formou entre o ano 2000 e o 2001.

Vai xa para nove anos e co desexo de todos de seguir moitos máis, pois non esquecen as súas promesas iniciais. Os estatutos son unha boa

declaración de intencións, e no seu artigo número dous recollen exhaustivamente os propósitos que en todo momento, e analizando escrupulosamente os traballos presentados ata o momento cumpren co seu fin e non deixan eido cultural esquecido.

Gosto de comentar o logotipo realizado por un dos mellores debuxantes e deseñadores da Chaira (Miguel Anxo) que une a xeración nova de artistas co pouso cultural xa existente. Un deseño vertical e profundo roxo de formas, contundente e identificativo.

O traballo do IESCHA non para só na escrita, tamén a pintura, a fotografía ou calquera tipo de investigación, ou desenvolvemento cultural atopa respaldo neste instituto independente só ao servizo das inquedanzas culturais dun pobo.

Que unha vila sexa capaz de artellar un Instituto de Estudos sobre o seu pasado ao mesmo tempo que coida o seu presente é unha mostra de madurez intelectual salientable e que da razóns para sentirse orgulloso deste proxecto cultural que se crea co traballo desinteresado da súa directiva na Terra Chá.

(Para máis información: www.iescha.org)

¹ Maseda, Pilar (2006): *Libres Pensamentos dende a ría do Sol*: IESCHA, Biblioteca Chairega 5.